

J. ORTEGA Y GASSET, texto 1
Que é filosofía?

O primeiro, pois, que ten de facer a filosofía é definir ese dato, definir o que é “a miña vida”, “a nosa vida”, a de cada quen. Vivir é o modo de ser radical: toda outra cousa ou modo de ser atópoo na miña vida, dentro dela, como detalle dela e referido a ela. Nela todo o demais é e é o que sexa para ela, o que sexa como vivido. A ecuación máis abstrusa da matemática, o concepto máis solemne e abstracto da filosofía, o Universo mesmo, Deus mesmo son cousas que atopo na miña vida, son cousas que vivo. E o seu ser radical e primario é, polo tanto, ese ser vividas por min, e non podo definir o que son en canto vividas se non pescudo que é “vivir”. (...)

Polo tanto, o problema radical da filosofía é definir ese modo de ser, esa realidade primaria que chamamos “a nosa vida”. Agora ben, vivir é o que ninguén pode facer por min –a vida é intransferible–, non é un concepto abstracto, é o meu ser individualísimo. Por vez primeira, a filosofía parte de algo que non é unha abstracción.

J. ORTEGA Y GASSET, *Que é filosofía?*

Trad. do GT de Filosofía

J. ORTEGA Y GASSET, texto 2
O tema do noso tempo

Hoxe vemos claramente que, aínda que fecundo, foi un erro o de Sócrates e os séculos posteriores. A razón pura non pode suplantar á vida: a cultura do intelecto abstracto non é, fronte á espontánea, outra vida que se baste a si mesma e poida desaloxar aquela. *É tan só unha breve illa que flota sobre o mar da vitalidade primaria.* Lonxe de poder substituír a esta, ten de apoiarse nela, nutrirse dela como cada un dos membros vive do organismo enteiro.

É este o estadio da evolución europea que coincide coa nosa xeración. Os termos do problema, logo de percorrer un longo ciclo, aparecen colocados nunha posición estritamente inversa da que presentaron diante do espírito de Sócrates. O noso tempo ten feito un descubrimento oposto ó seu: el sorprendeu a liña na que comeza o poder da razón; a nós se nos ten feito ver, pola contra, a liña na que remata. A nosa misión é, pois, contraria á súa. A través da racionalidade temos voltado a descubrir a espontaneidade. (...)

O tema do noso tempo consiste en someter a razón á vitalidade, localizala dentro do biolóxico, supeditála ó espontáneo. De aquí a poucos anos parecerá absurdo que se lle teña esixido á vida poñerse ó servizo da cultura. A misión do tempo novo é precisamente converter a relación e amosar que son a cultura, a razón, a arte, a ética as que teñen de servir á vida.

J. ORTEGA Y GASSET, *O tema do noso tempo*

Trad. do GT de Filosofía